

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8846** *Lei orgánica 5/2011, do 20 de maio, complementaria á Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado, para a modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### PREÁMBULO

A lei de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado, enmárcase dentro do impulso que se pretende dar aos chamados sistemas alternativos de resolución de conflitos, que non deixa de ter repercusión no ámbito da xustiza.

Con esta reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, preténdese dotar esta institución de maior seguridade e confianza xurídica para acrecentar a realización de procedementos arbitrais, sobre todo desde o plano internacional. Para isto modifícanse as atribucións dos órganos xurisdiccionais en materia de arbitraje. Así, a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza pasará a coñecer de determinadas funcións de apoio (nomeamento e remoción xudicial de árbitros) e control da arbitraje (acción de anulación do laudo) que fixe a lei. Pero tamén se lle atribúe o coñecemento das peticións de exequatur ou solicitudes de recoñecemento de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros. Todas estas atribucións ata agora correspondían aos xulgados de primeira instancia e aos xulgados do mercantil, pero considerouse conveniente trasladalas ao Tribunal Superior de Xustiza, cun ámbito territorial con maior visibilidade para efectos de arbitraje internacional que os xulgados unipersonais e que permitirán unha maior unificación de criterios do que actualmente acontece coas audiencias provinciais. O anterior non significa que o xulgado de primeira instancia non conserve as súas atribucións en materia de axuda e apoio á arbitraje, así como para a execución de sentenzas, laudos e demais resolucións xudiciais ou arbitrais estranxeiras, pero aprovéitase para delimitar e deslindar as atribucións do xulgado do mercantil en materia de arbitraje, que se reducen, en detrimento do xulgado de primeira instancia, co que son descargados de cuestións non estritamente mercantís.

Estas novas competencias deben ter o seu reflexo nos preceptos correspondentes da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Xunto ao anterior, trátase de resolver outros problemas detectados na práctica en relación coas competencias en materia concursal dos xuíces do concurso e as actuacións de apoio á arbitraje, e que comportan a modificación do artigo 86 ter da Lei orgánica do poder xudicial.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Un. Engádesse unha nova letra c) ao número 1 do artigo 73, coa seguinte redacción:

«c) Das funcións de apoio e control da arbitraje que se establezan na lei, así como das peticións de exequatur de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros, a non ser que, conforme o acordado nos tratados ou normas da Unión Europea, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 85, coa seguinte redacción:

«5. Das solicitudes de recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais estranxeiras e da execución de laudos ou resolucións arbitrais estranxeiros, a non ser que, conforme o acordado nos tratados e outras normas internacionais, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Tres. Modifícanse o ordinal 4.º do número 1 e o número 3 do artigo 86 ter, que quedan redactados da seguinte forma:

«4.º Toda medida cautelar que afecte o patrimonio do concursado, excepto as que se adopten nos procesos civís que quedan excluídos da súa xurisdición no ordinal 1.º, e sen prexuízo das medidas cautelares que poidan decretar os árbitros durante un procedemento arbitral.»

«3. Os xulgados do mercantil terán competencia para o recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais estranxeiras cando estas versen sobre materias da súa competencia, a non ser que, conforme o acordado nos tratados e outras normas internacionais, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Disposición derogatoria. *Derrogación de normas.*

Derrógase a letra g) do número 2 do artigo 86 ter da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de Administración de xustiza e lexislación procesual polo artigo 149.1.5.ª e 6.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO